

BO DÍA

Yasujirō Ozu, 1959

973

BO DÍA

Yasujirō Ozu, 1959

973


ESTREA EN NUMAX: 23.07.2022 | V.O.S.E. | +8 | 93min.

Xapón, anos 50. Coma todos os días, os membros dunha familia dispóñense a afrontar os seus problemas, soños e realidades. O pai, cos altibaixos do seu traballo e as esixencias que impón a educación dos seus fillos. A nai, administrando os ingresos familiares e atendendo ás múltiples complicacións da vida doméstica. E os fillos obsesionados por ter unha televisión na casa, e un deles enfrascado nos seus estudos e angustiado por un defecto físico.

Filme recomendado para nenos e nenas de 8 anos en diante

«Un estudo amable e vibrante da vida cotiá e un tratado enxeñoso e sabio da importancia da comunicación»

David Parkinson, RADIO TIMES






23.07.2022 | V.O.S.E. | +8 | 93min.

Xapón, anos 50. Coma todos os días, os membros dunha familia dispóñense a afrontar os seus problemas, soños e realidades. O pai, cos altibaixos do seu traballo e as esixencias que impón a educación dos seus fillos. A nai, administrando os ingresos familiares e atendendo ás múltiples complicacións da vida doméstica. E os fillos obsesionados por ter unha televisión na casa, e un deles enfrascado nos seus estudos e angustiado por un defecto físico.

Filme recomendado para nenos e nenas de 8 anos en diante

«Un estudo amable e vibrante da vida cotiá e un tratado enxeñoso e sabio da importancia da comunicación»

David Parkinson, RADIO TIMES



De lavadoras e televisores

Por Zep Armentano

Xapón ante a occidentalización

Yasujiro Ozu é un autor transversal que comezou a súa carreira no cinema silente no ano 1927. Viviu a través do mudo, o color e o technicolor. Superou a guerra e a devastación. Coa chegada dos estadounidenses, o cinema xaponés de Akira Kurosawa presentaba o medo á perda da moral e os valores tradicionais en *Rashōmon* (1950). *Contos de Tokio* (1953), por outro lado, falaba xa dun Xapón que non se recoñece a si mesmo nas novas maneiras da mocidade urbana. Cando chegou a *Bo día* (Ohayo), Ozu quedara coma unha voz de antes da guerra, inspirado polo melodrama, desgastado fisicamente a niveis que el tamén sentía.

En contraste, os setenta chegan como unha época de crecemento global, na España “desarrollista”, na Francia da música pop, tamén chamada yé-yé, nos Estados Unidos do New Deal... E a raíz da colonización estadounidense e do encaixe global, Xapón tamén crece, antes incluso que o seu ocupante.

O “desarrollismo” no cinema universal

A súa veciña mercou unha lavadora, pero vostede non ten nada que envexar. Especialmente se é vostede como Monsieur Hulot, porque Monsieur Hulot sempre fai as cousas á súa maneira. E é que convivía co progreso sen desesperarse, era un home tranquilo, tan tranquilo e parsimonioso que chegaba tarde á vida moderna. Recordémolo marchando de vacacións cun coche familiar que se cae a cachos. Jacques Tati separaba os seus filmes do plano do real e traballaba nun nivel de abstracción propio da memoria e a nostalxia a través da caricatura. É así como xeraba a maxia detrás da figura de Hulot en *O meu tío* (1958), un home sen voz e cunha silueta moi clara e estilizada. O tema central do filme é tamén o da vila vs. suburbio e utiliza aquela icónica casa unifamiliar de estilo *googie posatómico*, unha casa que el desmontará en múltiples gags irónicos.

A fascinación pola arquitectura

Non é casualidade que *Bo día* se estree o mesmo ano que *O meu tío*. Existe nel a mesma fascinación polo edificio como categoría: o único bloque de pisos de *Bo día* contéplase desde unha perspectiva isométrica enxeñeira. E é que o habitáculo goza dunha nova vida no minimalismo xaponés: trátase da casa tradicional dun só piso, pero mellor. E é unha comodidade que se expande con cada novo electrodoméstico.

A das crianzas en idade escolar bordeando o río é unha imaxe que aínda se repite no imaxinario contemporáneo xaponés. Se prestamos atención, podemos ver ao fondo da paisaxe fábricas que botan fume e unha autovía concorrida na dirección contraria: a pequena vila dormitorio está no medio da nada. Pero non é unha vila calquera. É un modelo tecnificado de vila. As súas casas están unidas por unha pequena cuadrícula de calellos de grava, a xente fala unha coa outra desde os recibidores porque están a tiro de pedra. Se engadimos que non se tiña por costume pechar a porta por nada nin por ninguén, o suburbio é á vez íntimo e colectivo e evócanos a película coral.

As relacións veciñais están condensadas, especialmente entre amas de casa, que en *Bo día* se asocian de novas maneiras. As máis rexoubeiras atopan na cuadrícula unha nova oportunidade para montar os seus rumores. Os maridos xúntanse no bar. O xubilado borracho redímese como comercial, que é o traballo do futuro.

De lavadoras e televisores

Por Zep Armentano

Xapón ante a occidentalización

Yasujiro Ozu é un autor transversal que comezou a súa carreira no cinema silente no ano 1927. Viviu a través do mudo, o color e o technicolor. Superou a guerra e a devastación. Coa chegada dos estadounidenses, o cinema xaponés de Akira Kurosawa presentaba o medo á perda da moral e os valores tradicionais en *Rashōmon* (1950). *Contos de Tokio* (1953), por outro lado, falaba xa dun Xapón que non se recoñece a si mesmo nas novas maneiras da mocidade urbana. Cando chegou a *Bo día* (Ohayo), Ozu quedara coma unha voz de antes da guerra, inspirado polo melodrama, desgastado fisicamente a niveis que el tamén sentía.

En contraste, os setenta chegan como unha época de crecemento global, na España “desarrollista”, na Francia da música pop, tamén chamada yé-yé, nos Estados Unidos do New Deal... E a raíz da colonización estadounidense e do encaixe global, Xapón tamén crece, antes incluso que o seu ocupante.

O “desarrollismo” no cinema universal

A súa veciña mercou unha lavadora, pero vostede non ten nada que envexar. Especialmente se é vostede como Monsieur Hulot, porque Monsieur Hulot sempre fai as cousas á súa maneira. E é que convivía co progreso sen desesperarse, era un home tranquilo, tan tranquilo e parsimonioso que chegaba tarde á vida moderna. Recordémolo marchando de vacacións cun coche familiar que se cae a cachos. Jacques Tati separaba os seus filmes do plano do real e traballaba nun nivel de abstracción propio da memoria e a nostalxia a través da caricatura. É así como xeraba a maxia detrás da figura de Hulot en *O meu tío* (1958), un home sen voz e cunha silueta moi clara e estilizada. O tema central do filme é tamén o da vila vs. suburbio e utiliza aquela icónica casa unifamiliar de estilo *googie posatómico*, unha casa que el desmontará en múltiples gags irónicos.

A fascinación pola arquitectura

Non é casualidade que *Bo día* se estree o mesmo ano que *O meu tío*. Existe en nel a mesma fascinación polo edificio como categoría: o único bloque de pisos de *Bo día* contéplase desde unha perspectiva isométrica enxeñeira. E é que o habitáculo goza dunha nova vida no minimalismo xaponés: trátase da casa tradicional dun só piso, pero mellor. E é unha comodidade que se expande con cada novo electrodoméstico.

A das crianzas en idade escolar bordeando o río é unha imaxe que aínda se repite no imaxinario contemporáneo xaponés. Se prestamos atención, podemos ver ao fondo da paisaxe fábricas que botan fume e unha autovía concorrida na dirección contraria: a pequena vila dormitorio está no medio da nada. Pero non é unha vila calquera. É un modelo tecnificado de vila. As súas casas están unidas por unha pequena cuadrícula de calellos de grava, a xente fala unha coa outra desde os recibidores porque están a tiro de pedra. Se engadimos que non se tiña por costume pechar a porta por nada nin por ninguén, o suburbio é á vez íntimo e colectivo e evócanos a película coral.

As relacións veciñais están condensadas, especialmente entre amas de casa, que en *Bo día* se asocian de novas maneiras. As máis rexoubeiras atopan na cuadrícula unha nova oportunidade para montar os seus rumores. Os maridos xúntanse no bar. O xubilado borracho redímese como comercial, que é o traballo do futuro.